

## PRONOMES PERSOAIS



Subliña os pronomes persoais tónicos que hai nestas oracións e completa con eles a táboa.

- Ti vas ir canda nós ao cine esta tarde?
- El non quere falar con eles e non sei por que.
- Cando eu cheguei, ela xa marchara.
- Elas pintan o cartel e vós recollede o material.

|            | singular | plural |
|------------|----------|--------|
| 1.ª persoa |          |        |
| 2.ª persoa |          |        |
| 3.ª persoa |          |        |

Completa a resposta usando o mesmo verbo e substituíndo o destacado polo pronome persoal.

- Mercaches o **xampú** que che encarguei?

Non \_\_\_\_\_ porque estaba pechada a tenda.

- Xa liches o **libro** que colliches na biblioteca?

Si, xa \_\_\_\_\_ esta fin de semana.

- Puxeche **a chaqueta** no colgadoiro?

Non, \_\_\_\_\_ no cesto da roupa, para lavala.

- Contácheslle **a Xiana** a onde imos ir esta tarde?

Si, \_\_\_\_\_ que imos ir ao cine.

- **Xurxo e mais ti** tamén ides ás clases de patinaxe?

Non, \_\_\_\_\_ ás clases de judo.

Enche os ocos cun pronome persoal átono que lle acaia ao sentido da oración.

- Roi deu \_\_\_\_\_ unha patada á pelota pero non \_\_\_\_\_ lanzou lonxe.
- A Anxo vou \_\_\_\_\_ regalar un libro e a ti regalarei \_\_\_\_\_ outro.
- Este banco de madeira non \_\_\_\_\_ pintou meu pai, pintou \_\_\_\_\_ o avó.
- Cando \_\_\_\_\_ vas traer o disco que \_\_\_\_\_ emprestei hai catro meses?
- Iso que \_\_\_\_\_ contas xa \_\_\_\_\_ sabía eu hai tempo.
- Luísa, deixei \_\_\_\_\_ os cartos para o pan na mesa da cociña!

